



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 39 – XULLO 2008

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

CONVENIOS

Prevención de ataques de lobo

No marco de medidas preventivas que a Consellería de Medio Ambiente adopta para a prevención de danos ao gando, ratificouse o convenio de colaboración entre a esta Consellería e OVICA para a adquisición e cría de mastíns. Destinaranse 40.000 € (10.000 máis que o ano pasado) para compra, vacinación, identificación e reparto de mastíns.

Ademais este ano editouse un manual práctico para o coidado e adestramento de cans mastíns que será distribuído gratuitamente. Os propietarios poderán coñecer dende as características desta raza e os coidados que requiren ata o seu adestramento e os métodos de protección fronte ao lobo.



Aproveitamentos silvopastorís

O Consello da Xunta autorizou renovar a contía do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e OVICA para a implantación dun programa de desenvolvemento de aproveitamentos silvopastorís en montes veciñais en man común e en superficies agrarias abandonadas, co obxectivo de incrementar o emprego na actividade agraria a mellorar a calidade das producións gandeiras. A contía total vese incrementada en 50.000 euros. Son xa 26 os proxectos que se consolidaron en montes veciñais en man común. Hai 9 proxectos en fase de execución e 28 inician a fase de estudo.

ESTUDO

A partir do mes de agosto investigadores da USC e técnicos de OVICA e COVIÇA participarán nun estudo sobre as características das explotacións de ovino e caprino de Galicia. Con este motivo os socios/as de OVICA recibiredes unha chamada telefónica na que se vos fará unha enquisa para así poder caracterizar os sistemas de produción galegos. Rogamos unha boa predisposición pola vosa parte para poder obter a maior cantidade posible de datos.

FEIRAS

OVICA participou na “XVI Exposición de Ganado Autóctono de Castilla y León” que se celebrou do 27 ao 30 de xuño en Zamora. OVICA asistiu, como vén sendo habitual, con exemplares de raza latxa e de ovella galega de socios de OVICA, polo que agradecemos a súa colaboración.



RAZA: CABRA MURCIANO GRANADINA



Esta raza caracterízase pola súa rusticidade e adaptación a distintos climas e sistemas de produción, o que a fai unha raza de interese para zonas calurosas e áridas.

Animais de capa uniforme de cor negra ou caoba.

Elevada prolificidade.

Ubres voluminosas con ampla base de inserción. Pezóns uniformes e ben definidos o que fai que sexa un animal de boa adaptación ao ordeño mecánico e elevada produción láctea. As producións andan a redor de 400 Kg por lactación (250 días) co 5,5% MG.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA - VENTA

- Véndese mastín dócil de 1 ano e medio, axeitado para gando ou finca. Tfno.: 676 403 304 (M^a Carmen).
- Véndense 2 eguas en O Irixo. Tfno.: 988 361 187 – 653 687 921.
- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldelas, Ourense). Tfno.: 659 083 339 – 628 474 264, vende:
 - Cabritos vivos, de poucos días, para criar na casa, 20 €/unidade.
 - Cabritas raza murciano - granadina para recría, 135 €/unidade.
 - Esterco de cabra.
- Véndense años/as INRA 401 para recría (Meda, A Coruña). Tfno.: 981 359 825 – 646 063 428.
- Véndese macho de 2 anos para reprodutor (Castroverde, Lugo). Tfno.: 678 489 345.
- Cómpranse ovellas galegas. María (Lalín). Tfno.: 986682423 – 630853926.
- Véndense cachorros de mastín (2 femias e 1 macho). Tfno.: 638 104 441 (Francisco).
- Véndese rebaño de 80 ovellas e dereitos (Castro de Rei). Tfno.: 686 383 449 (Antonio).
- Véndese tractor JD 2140 DT e segadora Khun con acondicionador 2,4 m corte. Tfno.: 679 455 138

AXUDAS

Proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia correspondentes ó período 2008-2009 (Resolución do 18 de xuño de 2008, DOG N^o 127 publicado o mércores, 2 de xullo de 2008).

Axudas para as seguintes medidas:

- Diversificación cara actividades non agrarias.
- Creación e desenvolvemento de microempresas.
- Fomento de actividades turísticas.
- Servizos básicos para a economía e a poboación rural.
- Conservación e mellora do patrimonio rural.

Pódese obter máis información na páxina web de Agader (<http://agader.xunta.es>) ou no teléfono 981547382. O prazo de presentación de solicitudes é ata o 1 de setembro de 2008.

GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Un GDR é un conxunto de axentes públicos e privados que define e aplica un plano de acción para seu territorio. Os GDR son as entidades que dirixirán os programas Leader en Galicia. A aplicación do Leader deseñouse a través da posta en marcha de medidas referidas ás estratexias de desenvolvemento local dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos: mellora da competitividade do sector agrario e forestal, mellora do ambiente e contorno rural, mellora da calidade de vida e diversificación da economía do rural.

A maioría dos territorios están xa constituídos ou a piques de constituírse, así que todos aqueles socios/as interesados en representar a OVICA no GDR da súa zona que contacten con OVICA para tramitar a representación.

PEDERO



O pedero é unha enfermidade contaxiosa de orixe bacteriana que provoca unha inflamación do pezuño e a formación dun absceso de pus.

Pola climatoloxía que temos en Galicia o problema do pedero afecta ós nosos rebaños tanto en inverno coma en verán. Aínda que os maiores problemas atopámoslos nestas épocas ó unirse as altas temperaturas e a humidade. Estes dous factores favorecen moito a diseminación da enfermidade nos rebaños.

É fundamental que realicemos un recorte dos pezuños polo menos unha vez ó ano. Para reducir o contaxio é moi útil o emprego de pediluvios con sulfato de cobre ou produtos comerciais que combinan outros compoñentes que melloran o efecto desinfectante.

Para calquera dúbida contacta co teu veterinario/a da ADSG.

RECORDATORIO

Todos aqueles socios/as que aínda teñan pendente a recollida da la ou que estean interesados en rapar o rebaño no outono (finais de agosto-setembro) poñédevos en contacto cos técnicos de OVICA.



ADSG ACIVO
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira
de ovino e caprino de Galicia

OVICA
evolución na calidade